

**Expediente núm.:** 7312/2018

**Tipo de procedemento:** Procedemento de contratación obra aberto simplificado, por lotes

**Data de iniciación:** 29/10/2018

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DE OBRA MEDIANTE  
PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO**

**RESTAURACIÓN E REHABILITACIÓN DE CATRO VIVENDAS PARA EMERXENCIA SOCIAL (LOTE 1)  
E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN BIBLIOTECA-MUSEO (LOTE 2)**

En cumprimento ao establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de agora en diante LCSP. Faise a presente memoria xustificativa en relación ás obras que se pretenden licitar:

<b>RESTAURACIÓN E REHABILITACIÓN DE CATRO VIVENDAS PARA EMERXENCIA SOCIAL</b>	
Ámbito de actuación	Rúa dos mestres 5, 13, 15 e 17
Obxecto do Contrato a Licitar (*CPV)	45200000-9 / 45321000-3 / 45261420-4
Denominación do proxecto	Proxecto técnico de obras de restauración e rehabilitación de catro vivendas para emerxencia social
Redactor de proxecto	Federico García Gil
Data de redacción	Xullo de 2018
Data de aprobación polo órgano competente	30 de outubro de 2018
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	235.899,83€
Autorizacións sectoriais	Non proceden
Expediente proxecto de obra	1255/2018

<b>MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN BIBLIOTECA-MUSEO</b>	
Ámbito de actuación	Biblioteca-Museo Municipal
Obxecto do Contrato a Licitar (*CPV)	45200000-9 / 45321000-3/ 45261420-4
Denominación do proxecto	Proxecto Básico e de Execución Mellora da Eficiencia Enerxética en Biblioteca-Museo
Redactor de proxecto	Silvia González Dacosta
Data de redacción	Outubro de 2018
Data de aprobación polo órgano competente	7 de novembro de 2018
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	182.991,13€
Autorizacións sectoriais	24/08/2018 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Expediente proxecto de obra	7841/2017

- 45200000-9 Traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil
- 45321000-3 Traballos de aillamento térmico

- 45261420-4 Traballos de impermeabilización.

## Sumario

1. XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER.....	4
2. OBXECTO DO CONTRATO:.....	4
3. XUSTIFICACIÓN DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS.....	5
4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.....	5
5. VALOR ESTIMADO.....	5
6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.....	6
7. FORMA DE PAGO.....	7
8. PRAZO DE EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN.....	7
9. REVISIÓN DE PREZOS.....	7
10. GARANTÍA E PRAZO.....	7
11. CLASIFICACIÓN E CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA.....	8
12. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES.....	11
13. SUBCONTRATACIÓN.....	11
14: CESIÓN DO CONTRATO.....	11
15: MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS.....	11
16. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.....	11
17. OBRIGAS ESENCIAIS.....	12
18. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.....	13
19. PENALIDADES.....	14
20. MEDIO DE PUBLICIDADE.....	15
21. GASTOS DO CONTRATO.....	15
22. RESPONSABLE DO CONTRATO.....	15

## 1. XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER

O Concello de Ponteareas, é o organismo intermedio a efectos de selección de operacións (organismo lixeiro) da Estratexia DUSI Hábitat Saudable, estratexia financiada polo FEDER, no marco do PO Plurirrexional Crecemento Sostible, actualmente integrado no POPE (Programa Operativo Plurirrexional español). Neste contexto, ten a necesidade de executar as obras anteditas.

Para levar a cabo as actuacións anteriormente sinaladas é preciso licitar, xa que:

- O Concello de Ponteareas non ten o persoal necesario para levar a cabo a devandita actuación.
- O Concello de Ponteareas non conta cos elementos técnicos precisos para poder executar a devandita actuación.
- O Concello de Ponteareas desexa que a actuación sexa asumida por unha empresa especializada no sector, para que a actuación se adecue aos fins perseguidos pola mesma.

## 2. OBXECTO DO CONTRATO:

### 2.1 Descrición obxecto

O obxecto do contrato é a execución das obras anteriormente sinaladas, en sintonía co establecido no seus respectivos proxectos de obra.

A tipoloxía de contrato responde á categoría de contrato de obras, ao abeiro do establecido no artigo 13.1 da LCSP:

*“Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto uno dos seguintes:*

*a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I.*

*b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.”*

A continuación no apartado 2 do mesmo artigo, enténdese por obra:

*“Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñería civil, destinado a cumprir en por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”*

As actuacións que se previstas no proxecto de obra, atopan o seu encaixe nesta definición, toda vez que teñen por obxecto a rehabilitación e restauración das vivendas ou que cumpre *per se* unha función técnica.

## 2.2 Lotes

a) División en lotes.

Lotes	Denominación da actuación	Valor estimado da licitación (excluído IVE)
1	RESTAURACIÓN E REHABILITACIÓN DE CATRO VIVENDAS PARA EMERXENCIA SOCIAL	214.454,39€
2	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN BIBLIOTECA-MUSEO	151.232,34€
TOTAL valor estimado: 365.686,73€		

b) Limitacións aos lotes

Ao abeiro do establecido no artigo 99.4 procédese a:

- Limitar o número de lotes ao que se pode presentar cada licitador a 1.
- Por ende, limitar o número de lotes que se pode adjudicar a cada licitar a 1.

Nota: No caso de que un licitador non cumpra o establecido e, presente oferta para máis dun lote, só se tomará en consideración aquela oferta que entre antes por rexistro referida a un dos lotes.

## 3. XUSTIFICACIÓN DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A xustificación de insuficiencia de medios non procede como tal, toda vez que non estamos ante un contrato de servizos. Non obstante, parte deste extremo vén acreditado no apartado 1 desta memoria (informe de necesidade).

## 4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN.

O procedemento de contratación será o aberto simplificado ao abeiro do establecido no artigo 159 da LCSP, en base aos seguintes motivos:

- O valor estimado da obra é inferior a 2.000.000 €.
- Economía procesal.

## 5. VALOR ESTIMADO

### 5.1 Cálculo

O cálculo do valor estimado é a consecuencia do reflectido no proxecto de obra referido nesta memoria.

## 5.2 Táboa

Concepto	Lote 1	Lote 2
Importe de licitación (IVE excluído)	214.454,39€	151.232,34€
Importe das modificacións previstas (IVE excluído)		
Importe das obras ou subministracións postas a disposición do contratista (IVE excluído)		
Total valor estimado do contrato	365.686,73€	

## 6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Concepto	Lote 1	Lote 2
Importe de licitación (IVE excluído)	214.454,39€	151.232,34€
Tipo IVE aplicable	10%	21%
Importe IVE	21.445,44€	31.758,79€
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	235.899,83€	182.991,13€

### 6.1 Financiamento:

Lotes	Anualidades	Fondos Concello	Fondos FEDER EDUSI	Aplicación orzamentaria*
1	2018	47.179,97€	188.719,86€	Fondo Concello: Fondo EDUSI:
2	2018	75.462,53€	107.528,60€	Fondo Concello: Fondo EDUSI:

\* Pendente de asignar polos servizos de Intervención.

## 7. FORMA DE PAGO

O pago do prezo realizarase conforme ao artigo 198 da LCSP, dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra que acrediten a conformidade.

CONCELLO DE PONTEAREAS NIF: P3604200J	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
	L01360427	L01360427	L01360427

## 8. PRAZO DE EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN

Concepto	Lote 1	Lote 2
Prazo de execución estimado (segundo proxecto de obra)	4 meses	3 meses

## 9. REVISIÓN DE PREZOS.

Non procede.

## 10. GARANTÍA E PRAZO

Ao abeiro do establecido no artigo 107 da LCSP a garantía definitiva queda fixada como segue:

- Garantía definitiva (Prezo final ofertado excluído I.V.E\*0,05)

Ao abeiro do establecido no artigo 108.2, esta garantía farase efectiva mediante retención no prezo no pago da primeira factura.

Asemade, ao abeiro do establecido no artigo 107.2, establécese a seguinte:

- Para os casos nos que a oferta do adxudicataria resultase inicialmente incurso en presunción de anormalidade.
- Garantía complementaria (Prezo final ofertado excluído I.V.E\*0,05)

Prazo de Garantía:

- 1 ano (mínimo). A contar dende a aprobación da acta de comprobación das obras ao abeiro do establecido no artigo 256.4 da LCSP

## 11. CLASIFICACIÓN E CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA

Esíxese estar de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas conforme ao artigo 159.4a). A inscrición neste rexistro, acreditará aos licitadores a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar.

No artigo 77 da LCSP, establécese que: Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, e que será recolleito nos pregos do contrato, acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretasen os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme aos criterios, requisitos e medios recolleitos no segundo inciso do apartado 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que respecto diso dos mesmos fose omitido ou non concretado nos pregos.

CLASIFICACIÓN (Real Decreto 773/2015)		
Concepto	Lote 1	Lote 2
Valor estimado do contrato	214.454,39€	151.232,34€
Categoría	2	2
Grupo	C-Edificacións	C-Edificacións
Subgrupo	1-2-4-6-7-8-9	1-2-4-6-7-8-9
Esixible	Non	Non

Requisitos específicos (senón se recorre á clasificación):

CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA	MEDIO DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA
<p>Art. 87.1.a) LCSP: Volume anual de negocios no ámbito da construción, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ao establecido regulamentariamente. <b>O volume de negocios mínimo anual esixido non excederá dunha vez e media o valor estimado do contrato</b>, excepto en casos debidamente xustificadas como os relacionados cos riscos especiais vinculados á natureza das obras, os servizos ou subministros.(...) <b>Ao dividirse en lotes o contrato, o presente criterio aplicarase en relación con cada un dos lotes.</b></p>	<p>Atendendo a disposto no art. 87 da LCSP. A acreditación do criterio de solvencia económica esixida realizarase mediante a presentación das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. En calquera caso tal e como se recolle na Lei, de acharse inscrita a empresa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, este feito acreditará as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.</p>

CONCRECIÓN CRITERIO DE SOLVENCIA ECONÓMICA		
Concepto	Lote 1	Lote 2
Volume de negocios mínimo anual esixido (Valor estimado IVE excluído*1,5)	321.681,59€	226.848,51€



**CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA E MEDIO DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA**

Art. 88.1 da LCSP: deberá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia, os poderes adxudicadores poderán indicar que se terán en conta as probas de óbralas pertinentes efectuadas máis de cinco anos antes.

A estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra dita condición, só recoñecerase como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

2. Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) a f) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obras.

**CONCRECIÓN CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA (deberá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes)**

Concepto	Lote 1	Lote 2
a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente (...)	a) A realización dunha obra similar nos últimos 5 anos, dunha contía polo menos do 50% do valor estimado da obra obxecto de licitación:  107.227,20€	a) A realización dunha obra similar nos últimos 5 anos, dunha contía polo menos do 50% do valor estimado da obra obxecto de licitación:  75.616,17€
e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente	Achegando copia compulsada da titulación académica de, polo menos, un arquitecto ou arquitecto técnico do persoal que dispoña o empresario para a realización das obras e que	

cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

permanecerá nas mesmas en todo momento.

## 12. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Non procede.

## 13. SUBCONTRATACIÓN

Procede.

Indicar no caso de que recorra á subcontratacións, todos os elementos que esixe a LCSP nos artigos 216-218, no momento de presentación da oferta.

## 14: CESIÓN DO CONTRATO

Non procede.

## 15: MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS

Non procede.

## 16. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

### Medioambientais:

Non se establecen.

### Sociais:

- Presentar o Plan de igualdade da empresa, dacordo co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres. No caso que non sexa requisito obrigatorio para a empresa, deberase acreditar documentalmente tal circunstancia (tamaño da empresa, convenio colectivo que lle é de aplicación, etc.)
- Informar ao colectivo de homes que traballen na obra, durante o seu período de execución, sobre a posibilidade de utilizar o permiso de paternidade, e se é o caso, sobre o resto de dereitos que lles asistan en aplicación do Plan de Igualdade da empresa. A empresa deberá acreditar que tal comunicación tivo efectivamente lugar.
- Incumprimento dos pagos a traballadores, subcontratistas e provedores, así como dos deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

### Innovación:

Non se establecen.

### Outras condicións especiais:

A entidade adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e especialmente as seguintes:

- a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional.
- b) En toda difusión pública ou referencia as actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...), se deberán incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade cas normas gráficas establecidas, así como referencia á Unión Europea y ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, incluíndo o lema “Una manera de hacer Europa”.

## 17. OBRIGAS ESENCIAIS

- Compromiso de adscricións de medios (artigo 76.2 LCSP)
- Condicións especiais de execución do contrato (artigo 202 LCSP)
- Criterios de adxudicación das ofertas (artigo 122.3 LCSP)
- Cumprimentos do réxime de pagos aos subcontratistas ou subministradores establecido (artigo 217.1 LCSP)

## 18. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Criterio	Ponderación	Fórmula
Menor prezo	70%	Valorarase con 70 puntos a oferta económica máis baixa. As puntuacións obteranse mediante proporcionalidade inversa, tal e como se establece na fórmula.  Ptos. oferta X=oferta máis económica*70/oferta X.
Aumento prazo de garantía da obra	30%	Sendo a garantía mínima dun ano, puntuarase o ofrecemento dun prazo maior de garantía a razón de dous puntos por mes adicional, ata un máximo de 30 puntos.

### 18.1 Criterios para a consideración dunha oferta como anormalmente baixa:

- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de

10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

## 19. PENALIDADES

CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DA PRESTACIÓN	PENALIDADE:
<b>Falta leve:</b> Non atender ao requirimento da Administración ante calquera incumprimento das condicións establecidas nos pregos ou na oferta.	0,6 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.
<b>Falta grave:</b> A cesión en todo ou en parte do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen a previa autorización expresa do órgano de contratación.	1 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (IVE excluído), ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.
<b>Falta grave:</b> A modificación do contrato, excluídos os prazos de execución, sen a previa autorización da Administración.	1 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (IVE excluído), ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.
<b>Falta grave:</b> Incumprimento dos prazos de execución, sen a previa autorización da Administración.	10 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato e día de demora (IVE excluído), ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.
<b>Falta grave:</b> A comisión de dúas faltas leves sobre as que existira resolución firme en vía administrativa.	1 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (IVE excluído), ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.
<b>Falta grave:</b> Non atender ao requirimento da Administración para reparar a circunstancia que provocou a penalización por unha falta leve.	1 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (IVE excluído), ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato, ademais da sanción imposta pola comisión da falta leve.
INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN	PENALIDADE:
<b>Falta leve:</b> Incumprimento do deber de informar ao colectivo de homes que traballen na obra, durante o seu período de execución, sobre a posibilidade de utilizar o permiso de paternidade, e se é o caso, sobre o resto de dereitos que lles asistan en aplicación do Plan de Igualdade da empresa. A empresa deberá acreditar que tal comunicación tivo efectivamente lugar.	5 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (IVE excluído), á vista da proposta do responsable do contrato.
<b>Falta grave:</b> Non presentar o Plan de igualdade da empresa, acordo co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de	1 euro por cada 1.000 euros do prezo do contrato e día de demora, na entrega do Plan de Igualdade cando sexa esixido, ou

marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres. No caso que non sexa requisito obrigatorio para a empresa, deberase acreditar documentalmente tal circunstancia (tamaño da empresa, convenio colectivo que lle é de aplicación, etc.)	resolución, á vista da proposta do responsable
<b>Falta grave:</b> Incumprimento dos pagos a traballadores, subcontratistas e provedores, así como dos deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.	1 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (IVE excluído) e día de demora, contado dende a comunicación realizada por parte do Concello, ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.

## 20. MEDIO DE PUBLICIDADE

<b>Publicidade:</b>	Plataforma de Contratación Pública do Estado. <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a>
<b>Perfil do Contratante:</b>	<a href="https://pontareas.sedelectronica.gal/contractor-profile-list">https://pontareas.sedelectronica.gal/contractor-profile-list</a> <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a>

## 21. GASTOS DO CONTRATO

Os gastos de publicidade estímense en 500€ como máximo, e correran a cargo do contratista.

Estes gastos abranguen o relativo á obriga de colocación dun cartel durante a execución da obra, cuxo contido será remitido polo Concello de Ponteareas chegado o momento.

O cartel deberá ter unha dimensión coma mínimo de 1,90 x 2,70 metros.

## 22. RESPONSABLE DO CONTRATO

Serán responsables do contrato ao abeiro do establecido no artigo 62.2 da LCSP: Os directores facultativos de obra.

DIRECTORES DE OBRA	
LOTE 1	LOTE 2
Federico García Gil	Pendente de licitar e adxudicar

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE